

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaoto de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión a Letrada Asesora, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 11 de xaneiro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para legalización de nave para taller de maquinaria agrícola en Ramil 38, San Xoán de Tirimol.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación e peche de parcela sita na rúa Chantada, números 29 e 31 e para legalización de instalación solar fotovoltaica en solo rústico, en Santa Eufemia de Calde.

3. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza municipal sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Aprobase o acordo de formalización de contrato laboral fixo de seis operarios do Excmo. Concello de Lugo.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado contratación das obras de accesibilidade en viario conforme Convenio de colaboración entre o Imserso, a Fundación Once e o Concello de Lugo para obras de accesibilidade en vías pública se a da apertura do procedemento de adxudicación.

Lugo, 19 de xaneiro de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García